



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

ACTA Nº 11/2016

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

En Ordes, a vinte e seis de outubro de dous mil dezaseis.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES

Non asiste

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27/09/2016.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 27/09/2016, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria, de data 27 de setembro de 2016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se da conta de ningunha actuación municipal.

PUNTO TERCEIRO: MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DATA DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

Visto o acordo do Pleno do Concello, de data 29/07/2015, de fixación da data de celebración das sesións ordinarias do pleno.

Visto o disposto no art. 46.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril e art. 23.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Concello de Ordes.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O Pleno celebrará sesión ordinaria o último mércores de cada mes ás 20:00 horas, se este día é inhábil a celebración da sesión trasladarase ao mércores hábil anterior, excepto nos meses de agosto e decembro.

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN, ART. 6.1.3 DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación

“O artigo 6.1.3 do Regulamento do Consello Escolar Municipal (BOP nº 16, de data 24/01/2014) establece como vogais do Consello Escolar Municipal aos sete directores dos centros educativos do municipio de Ordes (IES nº 1, IES Maruxa Mallo, CEIP Castelao, CEIP Campomaioir, CEIP Mesón do Vento, Escola Unitaria de Montaos e Escola Unitaria de Merelle).

No curso académico 2016-2017 so existen no municipio de Ordes cinco centros educativos (IES nº 1, IES Maruxa Mallo, CEIP Castelao, CEIP Campomaioir, CEIP Mesón do Vento) ao ter pechado a Escola Unitaria de Montaos e Escola Unitaria de Merelle.

Como consecuencia do anterior os postos de vogais do Consello Escolar Municipal correspondentes aos directores dos centros educativos: Escola Unitaria de Montaos e Escola Unitaria de Merelle, van a estar vacantes con carácter permanente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

De conformidade co establecido no artigo 30 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, corresponde á Corporación municipal a designación de sete membros do Consello Escolar Municipal.

O Consello Escolar Municipal en sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2016, e de conformidade co establecido no art. 13.2.c do Regulamento CEM, acordou propor ao Pleno do Concello a modificación do art. 6.1.3, propondo que quede redactado da forma seguinte:

“6.1.3. Os cinco directores dos centros educativos deste municipio (IES nº 1, IES Maruxa Mallo, CEIP Castelao, CEIP Campomaioir, CEIP Mesón do Vento), un profesor da Escola Municipal de Música, un pai de alumno proposto polo centro educativo IES nº 1”.

A proposta anterior de designación de membros do CEM que lle corresponde ao Pleno do Concello trata de facilitar a participación a través dun representante no Consello Escolar Municipal da Escola Municipal de Música e dos pais do IES nº 1, que na actualidade non existe.

Por todo elo, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Modificar o artigo 6.1.3 do Regulamento do Consello Escolar Municipal (BOP nº 16, de data 24/01/2014), que quedará redactado da forma seguinte:

“6.1.3. Os cinco directores dos centros educativos deste municipio (IES nº 1, IES Maruxa Mallo, CEIP Castelao, CEIP Campomaioir, CEIP Mesón do Vento), un profesor da Escola Municipal de Música, un pai de alumno proposto polo centro educativo IES nº 1”.

Visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos do Pleno.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6.1.3 do Regulamento do Consello Escolar Municipal (BOP nº 16, de data 24/01/2014), que quedará redactado da forma seguinte:

“6.1.3. Os cinco directores dos centros educativos deste municipio (IES nº 1, IES Maruxa Mallo, CEIP Castelao, CEIP Campomaioir, CEIP Mesón do Vento), un profesor da Escola Municipal de Música, un pai de alumno proposto polo centro educativo IES nº 1”.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas contra o texto do regulamento.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

PUNTO QUINTO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 18, REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AUGA POTABLE E Nº 19, REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS.

Expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 18, reguladora da taxa por prestación do servizo de auga potable e nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facenda e informe de intervención.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº 18, reguladora da taxa por prestación do servizo de auga potable e nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros, cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

PUNTO SEXTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1P/2016.

Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1P/2016.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Visto o disposto no art. 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facenda e informe de intervención.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que xa no pasado pleno do 27 de setembro votaron a favor da modificación de créditos para o financiamento dos gastos realizados nos exercicios anteriores. Por coherencia votarán a favor deste recoñecemento extraxudicial de créditos para que se poidan pagar esas facturas pendentes canto antes. O seu voto vai a ser a favor pola mesma razón que o foi o mes pasado. As obras foron realizadas e os servizos prestados, non é de xustiza seguir retrasando o pago a esas empresas o que podería comprometer a súa viabilidade e tamén postos de traballo. O seu voto será positivo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no anterior pleno manifestaron a súa abstención por que consideraban que se trataba dunha serie de obras que segundo a documentación que se lle facilitou, cunhas táboas e un texto explicativo que non aclara gran cousa, non se especifica as obras que se realizaron. Van a manter o sentido do voto por que non existe tampouco unha certificación dun técnico municipal de que efectivamente se realizaron este tipo de obras, que se axustan ao contratado. Esta é unha cuestión que debe subsanar o novo equipo de goberno co anterior equipo de goberno para comprobar que estea todo correcto, conforme tal e como se contrataron as obras.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo en que son empresas do noso concello, que realizaron unha serie de obras, que están para ver, que están feitas, e polo tanto deben de cobrar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata de actuacións feitas con anterioridade a súa data de toma de posesión. Son obras das que se esixiu a súa xustificación ao respecto. Calquera pode achegarse ao concello e pode verse que está no expediente a xustificación que aportaron as empresas das actuacións. Moitas son subministros que poden pasar a comprobar que están en determinados espazos municipais. Por coherencia non poden impedir que estas facturas sexan aprobadas. Van a votar pola abstención e permitir que se proceda a súa aprobación e a continuación proceder ao seu pago.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de seis votos a favor (5 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), coas abstencións (7 grupo político PP, 3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos nº **1P/2016**, por un importe total de **109.249,10 €**, correspondentes a facturas de gastos realizados en exercicios anteriores, segundo a relación que figura na providencia da Alcaldía que inicia o expediente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

PUNTO SÉTIMO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 1PE CE-SC/2.016.

Expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario-suplemento de crédito 1PE CE-SC/2016.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facenda e informe de intervención.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. Alcalde, que pide un exercicio de responsabilidade. É necesario encaixar contablemente este exercicio. Poderán debater o feito de que non fosen capaces de sacar adiante uns orzamentos para o exercicio 2016. A realidade é a que temos. O 16 de marzo de 2016 o PAI foi aprobada, foi aceptada a redución de endebedamento de 217.000 euros e a execución da obra de mellora do aparcamento do tanatorio municipal por importe de 140.000 euros. Dada a situación que temos e para poder facer o exercicio contable, pide outra vez, e vai a traer este expediente ao pleno as veces que sexa necesario antes de rematar o ano. A día de hoxe xa está ingresada na tesourería municipal a cantidade correspondente a amortización da débeda e esta pendente poder executar a obra. Solicita que se poida proceder a súa aprobación. Pide que entre todos sexamos capaces de sacar adiante este expediente e que se permita que ese encaixe que se pide dende a intervención municipal, que poida ser unha realidade.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que é verdade que no mes de marzo se aprobou o PAI cos votos a favor do PP e coas abstencións dos demais grupos. Naquel momento xustificaron que non estaban en contra desa obra, consideraban que había obras máis prioritarias, de abastecemento e saneamento que quedaron pendentes do POS e do PAS e que eran máis prioritarias. O seu voto naquel momento foi a abstención. No mes de maio se trouxeron os orzamentos municipais que non saíron adiante pola falta de diálogo e capacidade de negociación do equipo de goberno co resto dos grupos da oposición e por tanto non saíron adiante e un mes despois se trouxo esta modificación de crédito que era necesaria para facer fronte ao PAI. Nese momento o voto do PSOE foi negativo por que entendían que o goberno non podía estar gobernando todo o ano a base de modificacións de créditos e que por tanto tiña que facer un esforzo na súa capacidade negociadora e intentar chegar a un consenso e volver a traer as veces que faga falta eses orzamentos ata chegar a súa aprobación. Esa foi a razón pola que votaron en contra. Nesta ocasión manterán a coherencia co voto anterior. Xa que votaron a abstención na aprobación do plan, neste momento seguirán a ser coherentes con esa postura, tamén para seguir as indicacións dos técnicos municipais, máximos garantes da xestión e fiscalización económico financeira.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como xa se dixo a solicitude do PAI foi aprobada co voto favorable do PP e coas abstencións do resto das formacións. O BNG xa argumentou que o seu voto non era favorable por que consideraban que era unha actuación non prioritaria, que había outros sitios onde investir eses cartos. Neste pleno van a remitirse a mesma postura que mantiveron naquel pleno onde se propoñía a modificación de créditos. O alcalde ten a posibilidade de aprobar os orzamentos deste ano se os presenta e os vincula a unha cuestión de confianza, se no prazo de un mes non se presenta unha moción de censura, os orzamentos quedan automaticamente aprobados, e pode levarse a cabo esta



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

iniciativa. Por que non o fai terá que explicarllo á cidadanía. Seguirán mantendo a postura que mantiveron no outro pleno sendo coherentes co que votaron no mesmo.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que os antecedentes xa os expuxeron os seus compañeiros. Na comisión pertinente o interventor explicou detalladamente cales eran as consecuencias e incongruencias, permitir que coas nosas abstencións saíse adiante este plan. Logo desas explicacións absteranse para posibilitar que se poda acometer este plan e executar as obras.

Intervén o Sr. Alcalde, que agradece a postura dos grupos políticos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de sete votos a favor (grupo político PP), cos votos en contra (3 grupo político BNG) e coas abstencións (5 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario IPE CE-SC/2016, do orzamento municipal 2.016, de acordo co seguinte detalle:

| ORZAMENTO DE GASTOS | | | | |
|---------------------|--|--------------------------------|---|-----------------|
| Partida de gastos | Descrición | Créditos antes da modificación | Crédito extraordinario/ Suplemento de crédito | Créditos finais |
| 011.913.00 | Débeda pública. Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público | 1.048.678,19 | 217.912,74 | 1.266.590,93 |
| 164.609.00 | Cemiterios e servizos funerarios. Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral | 0,00 | 140.091,54 | 140.091,54 |

O recurso para o financiamento da operación é unha operación de crédito onde o prestamista é a Deputación da Coruña:

| Partida de ingresos | Descrición | Previsións antes das modificacións | Financiamento CE/SC | Previsións finais |
|---------------------|--|------------------------------------|---------------------|-------------------|
| 911.00 | Préstamos a longo prazo de entes do sector público | 0,00 | 358.004,28 | 358.004,28 |

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

PUNTO OITAVO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2016, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decitado.

PUNTO NOVENO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén, o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A AP9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, o conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galicia, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia", que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar dita infraestructura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos sairía case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galicia e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e a banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galicia que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galicia nin decide nin opina sobre e xestión de vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galicia se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación de Ordes tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galicia e apoie expresamente a defensa da iniciativa legislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos aprobados polo Parlamento de Galicia.

Ademáis, para expresar o rexeitamento e que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galicia, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galicia sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia", aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia.
2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galicia.
3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.

4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo con esta petición. Xa no pasado verán o candidato á Xunta de Galicia, Sr. Leiceaga, visitaba Orosó e insistía na importancia de que a AP9 fose de titularidade da Xunta de Galicia e non de Fomento. Así Galicia podería xestionar este servizo con maior proximidade para os veciños e dun xeito máis beneficioso e eficiente. É verdade que no ano 2009, nas autonómicas, o Sr. Feijoo xa falaba de recuperar a AP9, pero seguimos na mesma situación. Na actualidade as últimas novas que temos é que o goberno fixo o rescate da AP9 en catro mil millóns de euros. Unha autoestrada que o Sr. Aznar vendeu por máis de mil cincocentos millóns de euros. Foi no ano 2003 cando se privatizou a empresa nacional de autoestradas, sendo ministro de Fomento o Sr. Rajoy. Temos unha autoestrada que tiña que ser un eixo fundamental para a economía e estase a converter nun ben de luxo. Por iso tería que procederse a súa recuperación para ser un eixo vertebrador da economía e mellorar a industria do noso pobo.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que sinala que hai un acordo do Parlamento de Galicia, todos os grupos aprobaron este acordo. O goberno da Xunta de Galicia fixo a solicitude ao goberno do Estado que respondeu que non se podía facer. Van a absterse por non ser un asunto de competencia municipal. Se os grupos políticos do Parlamento de Galicia están de acordo, que temos que facer nos, nada. Este non é o Parlamento de Galicia, é unha cámara local.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que efectivamente existe un acordo unánime do Parlamento de Galicia, coa mesma exposición de motivos que a moción do BNG. Coa mesma exposición de motivos hai unha declaración institucional que se vai a levar ao pleno da Deputación Provincial o próximo venres. Dende o PP e o goberno municipal solicitamos que se elimine o punto número tres, que non figura incluído no acordo do Parlamento de Galicia, nin na declaración institucional que se vai a levar ao pleno da Deputación Provincial. Falar dun rescate nestes momentos e mesturar o debate. Hai unha defensa unánime e firme de todos os grupos políticos para acadar a transferencia da AP9. O rescate da AP9 non se fixo por que custa catro mil cincocentos millóns de euros. Están dispostos a votar a moción co contido que se votou nos ámbitos nos que efectivamente se ten que discutir.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que non esta de acordo en que non sexan cousas de Ordes. Vimos de aprobar inicialmente un PXOM no que estabamos de acordo en que era moi positivo a existencia dunha área industrial ao longo da AP9. Sería importante que as vantaxes da transferencia desta infraestrutura revertesen na autonomía e puidesen facer un mellor control, facer accesos, e non ter os problemas que temos tido ata o de agora. O goberno do Estado ven de rexeitar o acordo do Parlamento de Galicia. Do que se trata é de redobrar a presión, non so do Parlamento de Galicia, tamén das corporacións municipais. En aras do consenso non teñen ningún problema en que se elimine o punto terceiro. Queren deixar claro que é unha vergonza que se fale de rescatar as autoestradas madrileñas e cadrarlle as contas de resultados ás construtoras e á gran banca. A estimación do rescate que se fai dende o goberno central faise a uns criterios absurdos, se os galegos non utilizásemos a AP9 durante un ano o rescate sería gratis. Se se utilizasen os criterios de outros rescates en Cataluña, Navarra, Euskadi o rescate custaría tres mil millóns de euros. Na moción no se está a falar de rescate, so de solicitar a transferencia desta infraestrutura.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor por que o consideran importante, como así o están a manifestar outras institucións e por que esta iniciativa podería ser o pulo que fai falta para que Galicia poida recuperar esas posicións industriais e económicas que veu perdendo nos últimos anos.

Intervén o Sr. González Santos, voceira do grupo político UxO, que sinala que recorda perfectamente que cando se fixo a autoestrada había un político que dixo que era unha navallada de arriba a abaixo. Ten memoria. Se os grupos do Parlamento de Galicia están de acordo, que facemos nos aquí. É unha política de silveiras.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal que sinala que non é certo que o Estado rexeitase totalmente a tramitación da proposición de lei aprobada polo Parlamento de Galicia, que continua no Congreso, a Mesa do Congreso solicitou novos informes por que o Ministerio de Fomento no seu momento opúxose á tramitación por razóns orzamentarias. Non pode valorar se o custe do rescate esta ben determinado. O PP de Galicia leva defendendo de forma seria e con rigor esta transferencia tanto dende o Parlamento como polo goberno galego dende o ano 2009, mostra disto é a solicitude directa da Comisión mixta de transferencias, como nas alegacións que se presentaron no seu momento ao Plan de infraestruturas e transportes e vivenda e ao Anteproxecto de lei estatal de estradas do ano 2015. Considerábase que a tramitación desta nova lei de estradas era unha oportunidade para habilitar os mecanismos que posibilitasen o cambio de titularidade da AP9. Todos de forma conxunta debemos seguir adiante co que xa se esta facendo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (7 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), coas abstencións (5 grupo político UxO), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia", aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galicia.

3. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.

Intervén, o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A revisión catastral levada a cabo na anterior lexislatura, conleva unha subida ano a ano do recibo do IBI ata que no 2022 remate a redución sobre a base liquidable, que en moitos casos está a afogar a economía dos veciños e veciñas de Ordes.

Compre reducir o tipo impositivo da ordenanza fiscal Nº1, reguladora do imposto sobre Bens Inmóbeis, para ir compensando a suba desproporcionada deste tributo, máis nun momento como o actual, onde moitas familias están pasando graves apuros económicos.

Logo de modificar a ordenanza fiscal nº 1, reguladora do imposto sobre bens inmóbeis o ano pasado, grazas a unha iniciativa do BNG que suporá un aforro de 146.915,19 € do IBI a veciñanza de Ordes este ano 2016, consideramos oportuno soste no tempo esta conxelación do tributo.

A continuación pasamos a facer unha análise da recadación do IBI no que vai de lexislatura, ollando a recadación mantendo o tipo impositivo no 0,60%, logo mantendo o mesmo no 0,56 % e por último coa modificación proposta.

TÁBOA 1 - ORDENANZA CO TIPO IMPOSITIVO NO 0,60%

| ANO | 2015 | 2016 | 2017 |
|-----------------------------|----------------|----------------|----------------|
| BASE LIQUIDABLE URBANO (€) | 312.315.987,43 | 324.483.282,26 | 336.650.577,09 |
| TIPO IMPOSITIVO URBANO | 0,60 % | 0,60 % | 0,60 % |
| RECADACIÓN URBANO (€) | 1.873.895,92 | 1.946.899,69 | 2.019.903,46 |
| BASE LIQUIDABLE RÚSTICO (€) | 41.480.126,67 | 42.782.601,79 | 44.125.975,93 |
| TIPO IMPOSITIVO RÚSTICO | 0,60 % | 0,60 % | 0,60 % |
| RECADACIÓN RÚSTICO (€) | 248.880,76 | 256.695,61 | 264.755,86 |
| RECADACIÓN ESPECIAIS (€) | 32.128, 73 | 32.128, 73 | 32.128, 73 |
| TOTAL RECADACIÓN IBI | 2.154.905,41 | 2.235.724,03 | 2.316.788,05 |



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

TÁBOA 2 - ORDENANZA CO TIPO IMPOSITIVO ACTUAL

| ANO | 2015 | 2016 | 2017 |
|-----------------------------|----------------|----------------|----------------|
| BASE LIQUIDABLE URBANO (€) | 312.315.987,43 | 324.483.282,26 | 336.650.577,09 |
| TIPO IMPOSITIVO URBANO | 0,60 % | 0,56 % | 0,56 % |
| RECADACIÓN URBANO (€) | 1.873.895,92 | 1.817.106,38 | 1.885.243,23 |
| BASE LIQUIDABLE RÚSTICO (€) | 41.480.126,67 | 42.782.601,79 | 44.125.975,93 |
| TIPO IMPOSITIVO RÚSTICO | 0,60 % | 0,56 % | 0,56 % |
| RECADACIÓN RÚSTICO (€) | 248.880,76 | 239.582,57 | 247.105,47 |
| RECADACIÓN ESPECIAIS (€) | 32.128, 73 | 32.128, 73 | 32.128, 73 |
| TOTAL RECADACIÓN IBI (€) | 2.154.905,41 | 2.088.817,68 | 2.164.477,43 |
| DIFERENCIAL TÁBOA 1 | = | -146.906,35 € | -152.310,62 € |

TÁBOA 3 - ORDENANZA COA MODIFICACIÓN PROPOSTA

| ANO | 2015 | 2016 | 2017 |
|-----------------------------|----------------|----------------|----------------|
| BASE LIQUIDABLE URBANO (€) | 312.315.987,43 | 324.483.282,26 | 336.650.577,09 |
| TIPO IMPOSITIVO URBANO | 0,60 % | 0,56 % | 0,54 % |
| RECADACIÓN URBANO (€) | 1.873.895,92 | 1.817.106,38 | 1.817.913,12 |
| BASE LIQUIDABLE RÚSTICO (€) | 41.480.126,67 | 42.782.601,79 | 44.125.975,93 |
| TIPO IMPOSITIVO RÚSTICO | 0,60 % | 0,56 % | 0,54 % |
| RECADACIÓN RÚSTICO (€) | 248.880,76 | 239.582,57 | 238.280,27 |
| RECADACIÓN ESPECIAIS (€) | 32.128, 73 | 32.128, 73 | 32.128, 73 |
| TOTAL RECADACIÓN IBI | 2.154.905,41 | 2.088.817,68 | 2.088.322,12 |
| DIFERENCIAL TÁBOA 1 | = | -146.906,35 € | -228.465,93 € |
| DIFERENCIAL TÁBOA 2 | = | = | -76.155,31 € |

Deste xeito, tal e come se pode apreciar na táboa 3, aplicando un tipo impositivo do 0,54 % para bens de tipo rústico e bens de tipo urbano, conseguiríase unha conxelación na suba do tributo no ano 2017.

No mes de marzo propuxemos establecer os tipos impositivos ata o ano 2019 para conseguir unha conxelación na suba do IBI en toda a lexislatura, aforrando deste xeito publicacións de modificación da ordenanza e constantes trámites. Dado que naquela ocasión a proposta foi rexeitada polo pleno, desta vez procurase actuar sobre o tipo impositivo do ano 2017.

Esta medida en ningún caso afoga economicamente ao concello, dado que non supón unha redución do que recada no ano 2016 procedente do IBI. Os salarios indignos e moitas veces



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

miserentos que existen (grazas en gran medida as políticas regresivas e antisociais en materia laboral do PP), fan que chegar a fin de mes se converta en moitos casos nunha odisea e desde a corporación municipal cómpre darlle un respiro á veciñanza na vez de afogala a impostos.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O pleno do Concello de Ordes esixe ao alcalde a levar a cabo, de xeito inmediato, a tramitación da Modificación do Artigo 11.- Tipo Impositivo, da Ordenanza Fiscal Nº1, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, pasando a quedar redactada do seguinte xeito:

"De conformidade e en aplicación do previsto no artigo 74 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os tipos de gravame serán os seguintes:

No ano 2016:

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fixase no 0,56 %.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fixase no 0,56 %.
- c) O tipo aplicable aos bens de características especiais fixase no 1,30 %.

No ano 2017 e seguintes:

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fixase no 0,54 %.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fixase no 0,54 %.
- c) O tipo aplicable aos bens de características especiais fixase no 1,30 %".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de sete votos en contra (grupo político PP), catro votos a favor (3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), e coas abstencións (5 grupo político UxO), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

O Sr. Alcalde abre unha breve quenda de explicación do voto.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que o seu voto foi a abstención por que este asunto xa foi debatido no mes de marzo. Propoñen que ao igual que outras ordenanzas que propón a compañeira do PSOE se levan a reunións. Tamén lles parece que esta ordenanza fiscal de suma importante non pode ser aprobada a través dunha moción, tendo que ser comentada con anterioridade e poder ser estudada e debatida nas reunións previas como se fai coas propostas de ordenanzas dos demais grupos. Cando estiveron gobernando tamén se lles propoñía o mesmo. Hai que ser un pouco coherentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están moi ben as táboas que presenta. Pero ten que comprobar a realidade. Fala de que a recadación de urbana cando a realidade é que é de 1.784.000 euros. No caso da rústica a realidade é de 244.000 euros. Como xa dixo a outra vez non todas as liquidacións que contempla no seu estudo se fan despois efectivas. A conxelación que propón que é o dobre da prevista inicialmente, que tiveron que acatar, cando a súa proposta



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

era unha redución puntual. A conxelación que propón é cunha rebaixa que nada ten que ver coa do ano 2015. Propoñen que se faga a conxelación dende o inicio da súa incorporación ao goberno municipal, pero o ano pasado en vez de rebaixar oitenta mil euros estamos a irnos a case 260.000 euros, dado que non todas as liquidacións se conseguen facer efectivas, iso xa llo advertiu no seu momento. Xa que nos fai falta en moitos casos dispoñibilidade orzamentaria para poder executar proxectos que en moitos casos veñen financiados. Estamos a cambiar un euro por cinco euros. A posibilidade de non ter financiación municipal en moitas obras subvencionadas nos esta a limitar en moitas ocasións. Esa conxelación da que fala con respecto ao 2016 non é a conxelación con respecto á situación que colleron no ano 2015. O ano pasado se fixo unha redución dobre da que estaba prevista inicialmente. É polo que non poden votar a favor da urxencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que as táboas están realizadas en base a un informe que fixo o interventor cando se presentou a primeira moción, corrixiuse o tipo impositivo para manter a recadación do IBI con respecto ao ano 2015, propoñendo mantela con respecto ao ano 2016. A moción presentouse o once de outubro, se non foi a comisión foi por que o grupo de goberno non a levou, non teñen culpa de que non se levase.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tampouco se fixo dita petición.

PUNTO DÉCIMO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A chegada das choivas pode provocar, en ausencia da limpeza e mantemento oportunos, o atasco das redes de sumidoiros, cunetas, ...etc., e por conseguinte, riscos de inundacións nas rúas do pobo e das parroquias que poden provocar prexuízos e danos importantes.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda a levar a cabo as actuacións de limpeza e conservación oportunas como medida de prevención antes de que empecen as choivas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

fortes do inverno para evitar que se produzan inundacións tanto no pobo coma nas parroquias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se está a traballar e faranse todas actuacións que se poidan en todos os lugares.

- Pola rúa Cidade Xardín transitan a diario numerosos veciños e veciñas para dirixirse tanto ó Colexio coma ó Instituto. Para aumentar a seguridade sería moi necesario o pintado dun paso de peóns no cruce entre a Rúa Cidade Xardín e a Rúa dos Lagartos, onde amosa a foto adxunta.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda ó pintado do indicado paso a peóns no cruce entre a rúa Cidade Xardín e a rúa dos Lagartos para mellorar a seguridade viaria dos numerosos veciños e veciñas que transitan a diario por estas rúas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se valorará coa policía local. Están a traballar coa Deputación Provincial para a concesión dunha subvención nominativa para dotar de maior seguridade estas beirarrúas.

- Na Rúa do Recreo fai poucos anos abriuse un tramo que permite acceder directamente ó Campo da Feira. Referímonos ó tramo que indicamos na foto adxunta.

Dita rúa non conta con moita iluminación, provocando que moitos veciños e veciñas non transiten por ela unha vez escurece o día.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda á colocación dunha farola no tramo indicado para que os veciños e veciñas podan transitar por esta rúa con máis seguridade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é un tramo que non ten canalización subterránea para meter o alumeado. Valorarase co titular do edificio a posibilidade de colocalo na fachada. Valorarán a mellor maneira de solventalo.

Intervén a Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

- Resulta sumamente importante de cara a poder aumentar as taxas de reciclaxe de papel, cartón e vidro, a concienciación da poboación na realización da separación do lixo e o depósito no contenedor axeitado. Mais por parte da administración local debe de facilitarse o acceso ós diversos contenedores, e que a súa falta non supoña un atranco na reciclaxe deste tipo de residuos.

No casco urbano de Ordes, existe un reparto un tanto desigual na distribución dos contenedores para depositar o papel e cartón destinado á reciclaxe.

Grandes zonas como a cima da Rúa do Recreo, Rúa Coruña, Vista Alegre carecen de contenedor de papel que facilite aos veciños contribuír á súa reciclaxe. O mesmo ocorre coa Rúa do Mediodía e a zona de Merelle entre outras.

Do mesmo xeito que existen grandes baleiros sen contenedor de papel, existe algún contenedor que non se emprega por mor da desaparición da actividade que xeraba gran cantidade de papel e cartón e que podería reubicarse noutro lugar.

Esta problemática dáse igualmente nos contenedores do vidro, existen actualmente contenedores que non teñen ningún tipo de uso, e existen outras zonas que deberán de contar con un número maior para facilitar o depósito deste tipo de residuos.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

Se proceda á realización dun estudo das necesidades de contenedores en cada zona da vila, e se proceda á súa redistribución achegando o máximo posible os contenedores ós lugares de xeración do lixo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fai unha recollida porta a porta en todos os negocios. Hai corenta e oito contenedores distribuídos polo termo municipal de forma coherente e homoxénea. Se houbo algunha petición concreta tratouse de dar resposta. Esta pendente de sacar a licitación a xestión do novo servizo de recollida de papel. Verase a posibilidade de que se dote de máis contenedores. Se considera que hai algún punto concreto deben facernolo saber.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que con respecto á recollida de papel hai comercios que descoñecen que existe o servizo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nestes casos o mellor é chamar ao concello, o persoal municipal daralles resposta a esa necesidade.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que a recollida se fai os mércores, se se vai polo pobo verase que dende pola mañá hai cartón en todas as portas dos establecementos.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que tamén podemos ver como nas zonas que indica hai contenedores de orgánico cheos de papel. Zona Recreo, Vista Alegre, rúa Coruña e rúa Mediodía non existe un so contenedor de papel. O mesmo pasa na zona do Regeuero e na zona de Merelle.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se vamos aldea a aldea imos ter a mesma casuística.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que os veciños que solicitaron o contenedor de papel estáselles achegando.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que hai contenedores instalados en determinados lugares que non se están a utilizar e que poderían levarse a outro sitio.

- Na segunda fase do paseo Ramiro Recouso Liste non existe unha soa papeleira onde poder depositar os residuos, e contribuír deste xeito a unha maior limpeza de dito espazo.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

Se proceda á instalación de papeleiras na 2ª fase do paseo Ramiro Recouso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se valorará a ubicación e se colocará.

- Os peregrinos do camiño de Santiago, tras rematar a súa etapa diaria adoitan requirir dunha serie de servizos no lugar de chegada: dende chamar un taxi para trasladarse, mercar un antiinflamatorio nunha farmacia, ter coñecemento de onde pode desfrutar da gastronomía local, onde poder mercar material deportivo.

En máis de unha ocasión, teñen chegado grandes grupos de peregrinos ós pavillóns do Mesón e de Ordes, e ninguén lles facilitou, cando menos, unha información básica do concello e onde poderían atopar cada un dos servizos habituais demandados polos peregrinos: onde comer, asistencia sanitaria, lugares de interés, ... etc.

Facilitando esta información de seguro se contribuirá a que os peregrinos garden un bo recordo da súa estancia en Ordes e nun futuro mesmo poidan voltar, así como contribuirá a que a economía local se vexa beneficiada notablemente polo paso dos peregrinos.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

Elaboración dunha guía de acollida ós peregrinos do camiño inglés que facilite información sobre o acceso ós servizos de restauración, supermercados, farmacia, asistencia sanitaria, fisioterapeutas, tempo libre, transporte, sitios de interese ... que contribúa a que os peregrinos teñan unha grata estancia en Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que diga que a persoa que abre e pecha o pavillón non dea unha resposta se hai unha pregunta é incerto. O que pide é unha necesidade, mantivéronse contactos co director do Xacobeo e estase a traballar. Xa se fixo unha primeira enquisa na zona



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

do Mesón, mirárase tamén na zona de Buscás, Poulo, Montaos e Ordes, enviarase ao Xacobeo e unha vez que o aproben daráselle difusión. Espera que estea lista a comezo do ano que ven.

- As persoas que están na residencia da terceira idade de Ordes, carecen dun lugar de recreo no exterior onde poidan dar un pequeno paseo sen perigo, ou simplemente tomar o fresco nun lugar máis humanizado e acolledor que o da entrada da residencia.

Na parte traseira da residencia existe un terreo que podería habilitarse para este cometido, e deste xeito contribuír a mellorar a calidade de vida dos residentes.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

Habilitar o espazo existente na parte de atrás da residencia para utilizalo como lugar de recreo e adecentar a marxe do río cercana á residencia para que poida utilizarse como lugar de paseo.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira de servizos sociais, que sinala que algo se adecentou. Non esta suficientemente clara a titularidade dos terreos. No anaco que é do concello o ano pasado adecentouse par por unhas cadeiras e un sitio de esparcemento. A terraza de arriba púxoselle céspede artificial. Os accesos e espazo ten que estar homologado pola Consellería.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Recentemente procedeuse por parte do concello á colocación dunha nova sinalización na contorna do campo da feira. En dita sinalización, non se dá cumprimento ás obrigas do concello recollidas na Lei de normalización lingüística de Galicia, xa que emprega unicamente o castelán.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se corrixa este erro, e a sinalización se faga en galego ou ambas linguas.

A que se preste máis atención no futuro a estas cuestións, para evitar duplicidades de gastos innecesarias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é un cartel típico encargado pola policía local. Vaise a corrixir coa colocación de novos carteis.

- Na pista que comunica o núcleo de Queis coa N550, existe unha parcela cun peche vexetal que supera por moito a altura máxima permitida. Isto provoca que coa chegada do outono e das primeiras xeadas, dado a orientación Sur con respecto á pista de dito



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

peche vexetal, este asombra por completo o asfalto co cal evita a desconxelación do mesmo, o que se traduce nun incremento do risco de accidentes na zona (ben sexa pola perda de eficacia na freada dos vehículos ou mesmo porque esvaren e caian peóns).

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se inste á persoa propietaria de dito peche vexetal, a levar a cabo unha poda do mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se iniciará o expediente.

- As pistas das concentracións parcelarias do concello de Ordes están completamente a monte. En moitos casos contan con escasamente dous metros para o paso de vehículos, debido a que a maleza invade por completo os 5 m restantes de viario (teñen 7 m de anchura).

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que nos indique con que medios e cando se vai a proceder coas rozas das pistas das concentracións parcelarias entregadas no noso concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se van a utilizar medios propios, contratación e algúns da administración autonómica. A parroquia de Buscás se fixo no ano 2015 toda a rede de camiños secundarios da segunda concentración, os da primeira estanse a traballar cos tractores municipais. Montaos, Beán e Pereira se fixo practicamente a súa totalidade no ano 2015 a través dunha contratación do anterior equipo de goberno, a idea é poder continuar cos nosos tractores nestas zonas. A zona de Leira executouse no ano 2016 co plan de incendios da Xunta de Galicia, no que se vai a incluír a parroquia de Ardemil no ano 2017. Vilamaior e Barbeiros estase executando xa, esta contratada en parte. Mercurín, Lesta e Parada unha vez que se remate a toma de posesión, Medio Rural entregará as pistas desbrozadas, estase procedendo ao acondicionamento dos balados e entradas en Mercurín. Poulo e Ordes, parroquias sen concentrar hai en moitos casos camiños nos que non poden entrar coa maquinaria.

- Nos presupostos municipais, o interventor sempre sinala que a recadación referente á ordenanza fiscal Nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e taboados con finalidade lucrativa, deberá chegar sen problema aos 3.500 €.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que nos informe de a canto ascende a recadación por este concepto no presente ano.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se emitiron trinta e dúas liquidacións, hai ingresados a día de hoxe 6.609,00 euros, pendentes de ingresar 1.645,00 euros. A previsión son os orzamentos do 2015.

- No pleno de febreiro de 2016, preguntamos ao goberno municipal sobre as ratios, o número de residentes, o persoal da residencia e se contaba coa presenza dun ATS ou DUE as 24 horas do día.

A resposta da concelleira delegada de educación, benestar social e traballo, foi que “a ratio de xerocultores ou persoal de atención directa por persoa autónoma é de 5,4 e a de persoas asistidas é de 7,35”.

En canto ao número de residentes, naquel entón díxosenos que eran 49, dos cales 27 eran válidos e 21 asistidos.

Nestas respostas manifestase un incumprimento das ratios recollidas na orde 18 de abril de 1996 (e posteriores modificacións), xa que esíxese como mínimo que a ratio de persoal de atención directa sexa 0,20 por usuario ou usuaria con dependencia leve ou moderada e 0,35 por usuario ou usuaria con gran dependencia.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que nos informe de que medidas tomou o goberno municipal para corrixir o incumprimento da normativa vixente por parte da empresa concesionaria da xestión da residencia da terceira idade de Ordes.

A que nos informe de cales son as ratios e o número de residentes (especificando válidos e asistidos) na residencia da terceira idade actualmente.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que a día de hoxe esta completa, vinte e un válidos, 0,21 é a ratio, fan un total de 4,20 persoas que se necesitan. Vinte e oito asistidos, 0,35 é a ratio cada persoa, fan un total de 9,8 persoas que se necesitan.

- Veciñanza do barrio do Piñeiro púxose en contacto con este grupo municipal, poñendo de manifesto a necesidade da instalación dun espello na intersección da Rúa de Galicia coa Travesía do Piñeiro.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se instale un espello na intersección da Rúa de Galicia coa Travesía do Piñeiro, que facilite a manobra de incorporación aos vehículos procedentes da Travesía do Piñeiro. A orientación do espello debe ser tal que permita observar dende a Travesía do Piñeiro, si se aproximan vehículos pola Rúa de Galicia en dirección Rúa Alfonso Senra.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que visitou este punto e non lle parece dos máis problemáticos na vila. Pedirán un informe á policía local e verán a súa necesidade.

Por último polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos grupos políticos

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Unha comunidade de propietarios de rúa Víctor González Faya presentou un escrito solicitando que se rematase unha beirarrúa que baixa cara a zona do matadoiro ¿cando se lle vai a dar resposta?

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se da conta desa solicitude, tomarase en conta.

- ¿Pode informar da situación da moción aprobada polo pleno do Concello, de data 27/09/2016, sobre as marcas viarias establecidas na N550 ao seu paso polo Concello de Ordes, instando ao Ministerio de Fomento a solucionar esta situación?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que houbo conversas cos técnicos de Fomento para reunirse, esta pendente a designación dos dous veciños, pedirase que se nomeen e farase esa xuntanza.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO